



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

DECRETO DE NOMEAMENTO E CONVOCATORIA DO XURADO DO XVI CONCURSO DE CARTEIS DAS LETRAS GALEGAS 2026 DO CONCELLO DE BETANZOS. Exp: 2026/A002/000002

Expediente: 2026/G003/000681

Asunto: XVI Concurso de carteis das Letras Galegas

Interesado: Concello de Betanzos

Data de inicio: 27 de marzo de 2026

Procedemento: nomeamento e convocatoria

Forma de inicio: de oficio

ANTECEDENTES

No *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* n.º 62, do luns 6 de abril de 2026, publicáronse as bases e a convocatoria do XVI Concurso de carteis das Letras Galegas 2026 do Concello de Betanzos.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A base novena do XVI Concurso de carteis das Letras Galegas do Concello de Betanzos recolle expresamente o seguinte:

“O xurado estará composto polos seguintes membros: presidente/a, secretario/a e vogais. A presidenta será a alcaldesa ou concelleiro/a en quen delegue, o/a secretario/a será un/ha traballador/a do Concello de Betanzos designado/a para o xurado e os/as vogais serán os/as representantes de cada un dos centros de ensino participantes no concurso.”

Así mesmo, a base oitava do XVI Concurso de carteis das Letras Galegas do Concello de Betanzos recolle expresamente o seguinte:

“O prazo de resolución do xurado será dun máximo de cinco días a partir da data límite de entrega dos traballos.”

Tendo en conta o artigo 30.2 do Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo máximo de resolución do xurado son 5 días hábiles a partir da data límite de entrega dos traballos.

Ao abeiro do recollido na Ordenanza de impulso da lingua galega no Concello de Betanzos, *Boletín Oficial da Provincia* n.º 240, do 21 de decembro de 2016.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

Considerando a competencia municipal na materia atribuída polo artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), e as atribucións que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1 da LBRL.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar o nomeamento do xurado do XVI Concurso de carteis das Letras Galegas do Concello de Betanzos, que estará composto polos seguintes membros:

Presidenta: Ángeles Veiga López, concelleira.
Secretaria: Natalia Sánchez Fernández, técnica.
Vogal: Beatriz Casanova Díaz, representante do CPR Nosa Señora do Carme "Atocha".
Vogal: Gema Vázquez Lendoiro, representante da Fundación Hospitalarias Betanzos.
Vogal: Cristina Sánchez Veiga, representante do CEIP Francisco Vales Villamarín.

SEGUNDO. Convocar ao xurado para a reunión de resolución dos premios do XVI Concurso de carteis das Letras Galegas:

Día: luns 27 de abril
Hora: 14:15 h
Lugar: Sala de exposicións Jesús Núñez do edificio Arquivo

TERCEIRO. Publicar no taboleiro e na sede electrónica do Concello de Betanzos o Decreto de nomeamento e convocatoria da reunión do xurado do XVI Concurso de carteis das Letras Galegas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa
María Barral Varela

O secretario (Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18, do 16 marzo)
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).

